



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Curso Superior de Administración Electrónica

**CONVOCATORIA:** Curso Superior de Administración Electrónica

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

**ÁREA:** Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	CONVENIO	<b>HORAS:</b>	114
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO UN ES XU	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2017
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	MIXTO	<b>TIPOLOXÍA:</b>	SUPERIOR	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 14/10/2017 - 08:00h ao 24/10/2017 - 23:00h

**RESPONSABLE:** OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Este curso pretende afondar, desde unha perspectiva técnico-xurídica, na concepción da Administración electrónica, con especial énfase no arquivo electrónico administrativo, incidindo na importancia que ten a súa implantación nas distintas administracións da nosa comunidade. Os contidos do programa enfocarán, dende distintas perspectivas, a Administración electrónica para que as persoas a que se dirixe adquiran ou perfeccionen os coñecementos teóricos e prácticos da informática e do dereito, completando a súa formación no dereito da informática.

### DESTINATARIOS

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, e das universidades do Sistema universitario de Galicia que se encadren nalguna das seguintes categorías:

- Pertencer ao grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
- Pertencer aos grupos I e II do persoal laboral.
- Pertencer ao grupo C (subgrupo C1) do persoal funcionario ou grupo III do persoal laboral incluído no ámbito de aplicación do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, e estar en posesión do título de ciclo superior de formación profesional relacionado coa informática.

### PROGRAMA

O curso estrutúrase nunha serie de contidos que pretenden profundar nos aspectos máis importantes da Administración electrónica dende unha tripla perspectiva: xurídica, técnica e práctica.

A estrutura do curso é a seguinte:

- Réxime xurídico dunha administración dixital.
- Identidade dixital: identificación e sinatura dixitais.
- Sede electrónica e carpeta do cidadán.
- Rexistro electrónico único.
- Notificación electrónica.
- Interoperabilidade e seguridade.
- Arquivo electrónico, documento electrónico e copia.
- Atención á cidadanía.
- Publicidade normativa.
- Reutilización e transparencia.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

### DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Excepto as persoas que pertencen á Administración autonómica ou á Administración de xustiza, todos/as os/as solicitantes deberán enviar un correo electrónico a [novas.egap@xunta.gal](mailto:novas.egap@xunta.gal), achegando un certificado acreditativo da súa condición de persoal empregado público e do grupo e/ou categoría á que pertencen. Esta certificación será expedida pola persoa que realice as tarefas de certificación da Administración na que preste os seus servizos. Serán excluídas aquelas solicitudes de persoal empregado público que non acompañen a devandita certificación ou que sexan recibidas con posterioridade ao último día habilitado para a inscrición, isto é, 24 de outubro de 2017.

## 3. DATOS EDICIÓNS

### MIXTA

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 30/10/2017 a 20/12/2017

**NUM. PRAZAS:** 50

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

### DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

### LUGAR DE REALIZACIÓN

**SALON DE ACTOS:** O día 30 de outubro de 17:00 a 20:00. O día 27 de novembro de 17:00 a 20:00. O día 20 de decembro de 17:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

**AULA 5:** Os días 06, 07, 13, 16, 22 e 29 de novembro de 17:00 a 20:00. Os días 11 e 14 de decembro de 17:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA